Y ó amanecer d'o dia  
Cando c'á ultima estrela aqueles marchan  
Outros veñen mais tristes e sañudos,  
Pois a verdade amarga,  
Escrita trân n'os apagados ollos  
E n'as asienes calvas.

Non digás nunca, os mozos, que perdeches  
A risoña esperanza,  
D'o qu'a vivir começa sempr'é amiga:  
¡Sô enemiga mortal de quen acaba!...

## IX

Paz, paz deseada  
Pra min, ¿onde está?  
Quixais n'hey de tela...  
¡N'a tiben xamais!

Sosego, descanso,  
¿Ond'hey d'o atopar?  
N'os mals que me matan,  
N'a dor que me dan.

Monti che la neve copre eternamente,  
Deserti senza fine.

E all'alba,  
Quando con l'ultima stella quelli si allontanano,  
Altri appaiono più tristi e arrabbiati,  
Poiché la verità amara  
È scritta nei loro occhi spenti  
E nelle tempie calve.

Non dite mai, o giovani, che avete perso  
La ridente speranza,  
Che la vita che inizia sempre è amica:  
Nemica mortale solo di chi è già finito!...

## IX

Pace, pace desiderata  
Per me, dov'è?  
Forse non l'avrò mai...  
Non l'ho avuta mai!

Tranquillità, riposo,  
Dove la troverò?  
Nei mali che mi uccidono,  
Nel dolore che mi danno.

¡Paz! ¡paz tiés mentira!  
¡Pra min non'a hay!

X

Un-ha vez tiven un cravo  
Cravado no corazon,  
Y eu non m'acordo xa s'era aquel cravo,  
D'ouro, de ferro, ou d'amor.  
Soyo sei que me fixo un mal tan fondo,  
Que tanto m'atormentou,  
Qu'eu dia e noite sin cesar choraba  
Cal chorou Madanela n'a pasion.  
— Señor, que todo ó podedes,  
— Pedinlle un-ha vez á Dios,  
Daime valor par'arrincar d'un golpe  
Cravo de tal condicion.  
E doumo Dios e arrinqueino,  
Mais... ¿quen pensara?... Despois  
Xa non sentín mais tormentos  
Nin soupen qu'era delor;  
Soupen sô, que non sei que me faltaba  
En donde ò cravo faltou,  
E seica, seica tiven soidades  
D'aquela pena... ¡Bon Dios!  
Este barro mortal qu'envolve o esprito  
¡Quen-o entenderá, Señor!...

Pace! Pace, sei bugia!  
Per me non c'è!

X

Una volta avevo un chiodo  
Piantato nel cuore,  
E non ricordo se era quel chiodo,  
D'oro, di ferro o d'amore.  
So solo che mi fece un male così profondo,  
Che tanto mi tormentò,  
Che giorno e notte senza cessare piangevo  
Come Maddalena alla Passione.  
— Signore, voi che tutto potete,  
— Un giorno pregai Dio,  
Datemi la forza di strappar via d'un colpo  
Un chiodo di tale qualità.  
E Dio mi diede forza e lo strappai,  
Ma... chi avrebbe mai pensato?... Dopo  
Non sentii più tormento  
Né seppi più che cosa fosse dolore;  
Seppi solo che non so cosa mi mancava  
Nel punto da cui il chiodo era stato tolto,  
E forse, forse provai nostalgia  
Di quel dolore... Buon Dio!  
Questa carne mortale che avvolge lo spirito,  
Chi la comprenderà, Signore!...

XI

Cand'un é moi dichoso, moi dichoso,  
    ;Incomprensible arcano!  
Casi-que, n'é mentira an-qu'a pareza,  
    Ll'a un pesa d'o ser tanto.

Que n'ò fondo ben fondo d'as entrañas  
    Hay un deserto páramo  
Que non s'enche con risas nin contentos,  
Senon con froitos d'o delor amargos.

Pero cand'un ten penas  
    Y é en verdá desdichado,  
Oco n'atopa no ferido peito,  
    Por qu'a dor, ;enche tanto!

Tan abonda é a desgracia nos seus dones;  
Qu'os verte, ;Dios llo pague! ôs regazados.  
    Hastra qu'o qu'os recibe  
    ;Ay! reventa de farto.

XII

Oxe ou mañan, ;quen pode decir cando?  
    Pero quisís moy logo,  
Viranme á despertar, y en vez d' un vivo,  
    Atoparán un morto.

XI

Quando uno è molto felice, troppo felice,  
Mistero incomprensibile!  
Quasi, non è bugia, anche se sembra,  
Si sente a disagio per esserlo così tanto.

Perché nel profondo delle viscere  
C'è un deserto arido  
Che non si riempie di risa né di gioie,  
Ma solo con frutti amari di dolore.

Ma quando uno ha dolore  
Ed è davvero infelice,  
Vuoto non trova nel petto ferito,  
Perché il dolore, ah! riempie tanto!

La disgrazia è così generosa  
Che riversa, Dio lo paghi! a piene mani,  
Fino a che chi la riceve  
Ah! esplose, traboccante.

XII

Oggi o domani, chi può dire quando?  
Ma sarà molto presto,  
Mi verranno a svegliare, e invece di un vivo,  
Troveranno un morto.

Ô rededor de min levantaranse  
Xemidos dolorosos,  
Ayes d'angustia, choros d'os meus fillos,  
D'os meus filliños orfos.

Y eu sin calor, sin movemento, fria,  
Muda, insensibre á todo,  
Así estarei cal me deixare á morte  
O helarme c'o seu sopro.

E para sempre ¡adios, cant'eu queria!  
¡Que terrible abandono!  
Antre cantos sarcasmos,  
Hay, ha d'haber, e houvo,  
Non vin ningun qu'abata mais os vivos  
Qu'ó d'a humilde quietú d'un corpo morto.

### XIII

Xa nin rencor, nin desprezo  
Xa nin temor de mudanzas,  
Tan só un-ha sede... un-ha sede,  
D'un non sei qué, que me mata.  
Rios d'a vida ¿onde estades?  
¡Aire! qu'ó aire me falta.

— ¿Que ves n'ese fondo escuro?  
¿Que ves que tembras e calas?

Intorno a me si leveranno  
Lamenti dolorosi,  
Gemiti d'angoscia, pianti dei miei figli,  
Dei miei figlioletti orfani.

E io senza calore, senza movimento, fredda,  
Muta, insensibile a tutto,  
Starò così come mi lascerà la morte  
Al soffio che mi ghiaccia.

E per sempre addio, tutto ciò che amavo!  
Che terribile abbandono!  
Tra tutti i sarcasmi,  
Che ci furono ci sono e ci saranno  
Mai ne vidi uno che abbattesse i vivi  
Come la quiete umile di un corpo morto.

### XIII

Già né rancore, né disprezzo  
Già né timore di cambiamenti,  
Solo una sete... una sete,  
Di un non so che, che mi uccide.  
Fiumi della vita dove siete?  
Aria! Che mi manca l'aria.

— Cosa vedi in quel fondo oscuro?  
Che cosa vedi che tremi e taci?



— ¡Non vexo! Miro, cal mira  
Un cego á luz d'o sol crara.  
E vou caer alí en donde  
Nunca ó que cai se levanta.

#### XIV

Aquel romor de cántigas e risas  
Ir, vir, algarear,  
Aquel falar de cousas que pasaron  
Y outras que pasarán:  
Aquela, en fin, vitalidade inquieta xuvenil,  
tanto mal Me fixo, que lles dixen:  
Ivos e non volváis.

Un á un desfilaron silenciosos  
Por aquí, por alá,  
Tal como cando as contas d'un rosario  
S'espallan pó-lo chán:  
Y romor d'os seus pasos, mentres s'iñan  
De tal modo hastra min veu resoar,  
Que non mais tristemente  
Resoará quisáis  
N'o fondo d'os sepulcros  
O último adios qu'un vivo ôs mortos dá.

Y ó fin soya quedei, pero tan soya,  
Qu'oxe, d'a mosca o inquieto revoar,

— Non vedo! Guardo, come guarda  
Un cieco alla luce del chiaro sole.  
E cado lì dove  
Chi cade non si rialza mai.

#### XIV

Quel mormorio di canti e risate  
Andare, venire, fare festa,  
Quel parlare di cose che sono state  
E di altre che saranno:  
Quella, infine, vitalità inquieta giovanile,  
tanto male  
Mi fece, che dissi loro:  
Andatevene e non tornate.

Uno a uno sfilarono silenziosi  
Di qua, di là,  
Come quando le perline di un rosario  
Si spargono sul pavimento:  
E il rumore dei loro passi, mentre andavano,  
Risunò così forte fino a me  
Che forse non risuonerà più tristemente  
In fondo ai sepolcri  
L'ultimo addio che un vivo dà ai morti.

E alla fine sola rimasi, ma così sola,  
Che ora, il ronzio della mosca inquieta,

D'o ratiño o roer terco e costante,  
E d'o lume o *chis chas*,  
Cando d'a verde pónla  
O fresco sugo devorando vai,  
Parece que me falan, qu'os entendo,  
Que compañía me fan;  
Y este meu corazón lles di tembrando:  
¡Por Dios!.. ¡non vos vayás!

¡Que doce, mais que triste,  
Tamen é a soledad!

## XV

A un batido, outro batido,  
A un-ha dor, outro delor,  
Tras d'un olvido, outro olvido,  
Tras d'un amor, outro amor.

Y ó fin de fatiga tanta  
E de tan diversa sorte,  
A vellés que nos espanta,  
Ou ó repousar d'á morte.

Il rosicchiare costante del topolino,  
E il fruscio del fuoco,  
Quando divora  
La linfa verde del ramo,  
Mi sembra che mi parlino, che li capisca,  
Che mi facciano compagnia;  
E questo mio cuore tremando dice loro:  
Per Dio!... non andate via!

Che dolce, ma che triste,  
Anche la solitudine è!

## XV

A un colpo, un altro colpo,  
A un dolore, un altro dolore,  
Dopo un oblio, un altro oblio,  
Dopo un amore, un altro amore.

E alla fine di tanta fatica  
E di fortuna così varia,  
La vecchiaia che spaventa  
O il riposo della morte.

XVI

Cand'era tempo d'inverno  
Pensaba en dond'estarias,  
Cand'era tempo de sol,  
Pensaba en dond'andarias.  
¡Agora!... tan soyo penso,  
Meu ben, si m'olvidarias!

XVII

Mais vé qu'o meu corazon  
É un-ha rosa de cen follas,  
Y é cada folla un-ha pena  
Que vive apegada n'outra.

Quitas un-ha, quitas duas,  
Penas me quedan de sobra,  
Oxe dez, mañan corenta,  
Desfolla que te desfolla...

¡O corazon m'arrincaras  
Des qu'as arrincaras todas!

XVI

Quando era tempo d'inverno  
Pensavo dove fossi,  
Quando era tempo di sole,  
Pensavo dove fossi andato.  
Ora!... penso soltanto,  
Mio caro, se mi avresti dimenticata!

XVII

Ma guarda che il mio cuore  
È una rosa di cento petali,  
E ogni petalo è una pena  
Che vive attaccata a un'altra.

Ne togli uno, ne togli due,  
Ma pene mi avanzano ancora,  
Oggi dieci, domani quaranta,  
Sfoglia che ti sfoglia...

Il cuore mi strapperai  
Solo quando le avrai strappate tutte!

XVIII

Co seu xordo e costante mormorio  
Atraim'o oleaxen d'ese mar bravio,  
Cal atraí d'as serenias o cantar.  
—N'este meu leito misterioso e frío,  
Díme, ven brandamente á descansar.

El namorado está de min... o deño,  
Y eu namorada d'el.  
Pois saldremos c'o empeño,  
Que s'él me chama sin parar, eu teño  
Un-has ansias mortais d'apousar n'el...

XIX

Ando buscando meles e frescura  
Para os meus labios secos,  
Y eu non sei com'atopo, nin por onde,  
Queimores e amarguexos.

Ando buschand'almibres qu'almibaren  
Estos meus agres versos,  
Y eu non sei como, nin por onde, sempre  
Se lles atopa un fero.

Y o ceo e Dios ben saben  
Non teño á culpa d'eso;

XVIII

Con il suo sordo e costante mormorio  
Mi attira il moto di quel mare selvaggio,  
Come il canto delle sirene.  
— Nel mio letto misterioso e freddo,  
Dimmi, vieni dolcemente a riposare.

Egli è innamorato di me... il Signore,  
E io innamorata di lui.  
Così finiremo con questo impegno,  
Se lui mi chiama senza fermarsi, io ho  
Un desiderio mortale di riposare in lui...

XIX

Vado cercando miele e frescura  
Per le mie labbra secche,  
E non so come mai incontro, né dove,  
Arsure e amarezze.

Vado cercando dolcezze che addolciscano  
Questi miei versi acerbi,  
E non so come, né dove, sempre  
Trovano un sapore feroce.

E il cielo e Dio lo sanno  
Non ne ho colpa io;



¡Ay! sin querelo, têna,  
O lastimado corazon enfermo.

XX

¡SILENCIO!

A man nerviosa e palpitante ó seo,  
As niebras n'os meus ollos condensadas,  
Con un mundo de dudas n'os sentidos  
Y-un mundo de tormentos n'as entrañas;  
Sentindo como loitan,  
En sin igual batalla,  
Inmortales deseios que atormentan,  
E rencores que matan.  
Mollo n'a propia sangre á dura pruma  
Rompendo á vena inchada,  
E escribo... escribo ¿para qué? ¡Volvede  
O mais fondo da yalma  
Tempestosas imaxes!  
Ide á morar c'as mortas lembranzas;  
Qu' a man tembrosa n'o papel sô escriba  
*¡Palabras, e palabras, e palabras!*  
¿Da idea á forma inmaculada e pura  
Donde quedou velada?

Ahimè! senza volerlo, l'ha,  
Il cuore sofferente e malato.

XX

SILENZIO!

La mano nervosa e palpitante sul petto,  
Le nebbie nei miei occhi condensate,  
Con un mondo di dubbi nei sensi  
E un mondo di tormenti nelle viscere;  
    Sentendo come lottano,  
    In una battaglia impari,  
Desideri immortali che tormentano,  
    E rancori che uccidono.  
Immergo nello stesso sangue la dura penna  
    Spezzando la vena gonfia,  
E scrivo... scrivo, a che scopo? Tornate  
    Nel più profondo dell'anima  
    Immagini tempestose!  
Andate a dimorare con i ricordi morti;  
Che la mano tremante sul foglio scriva solo  
*Parole, e parole, e parole!*  
Dell'idea la forma immacolata e pura  
    Dove restò coperta?



**DALL'INTIMO**

## ¡ADIOS!

¡Adios! montes e prados, igrexas e campanas,  
¡Adios! Sar e Sarela, cubertos d'enramada,  
¡Adios! Vidán alegre, moiños e hondanadas,  
Conxo o d'o craustro triste y as soedades  
[prácidas,  
San Lourenzo o escondido, cal un niño  
[antr'as ramas,  
Balvis, para min sempre o d'as fondas  
[lembranzas,  
Santo Domingo, en donde cant'eu quixen  
[descansa,  
Vidas d'a miña vida, anacos d'as entrañas.  
E vos tamen sombrisas paredes solitarias  
Que me vichëis chorare soya e desventurada,  
¡Adios! sombras queridas, ¡adios! sombras  
[odiadas,  
Outra vez os vaivens d'a fertuna  
Pra lonxe m'arrastran.

Cando volver, se volvo, tod'estará ond'estaba,  
Os mesmos montes negros y as mesmas  
[alboradas  
D'o Sar e d'o Sarela, mirandose n'as auguas.  
Os mesmos verdes campos, as mesmas torres  
[pardas,

## ADDIO!

Addio! monti e prati, chiese e campane,  
Addio! Sar e Sarela, coperti di rami,  
Addio! Vidán allegro, mulini e vallate,  
Conxo, il chiostro triste e le solitudini  
[tranquilla,  
San Lorenzo, nascosto come un nido  
[tra i rami,  
Balvis, che sempre sarà per me ricordo  
[profondo,  
San Domingo, dove cantai e volli trovare  
[riposo,  
Vite della mia vita, brandelli delle mie viscere.  
E voi pure, muri solitari e scuri  
Che mi avete vista piangere sola e desolata,  
Addio! ombre amate, addio! ombre odiate,  
Ancora una volta le onde della fortuna  
Lontano mi trascinano.

Quando tornerò, se tornerò, tutto sarà  
[dov'era,  
Gli stessi monti cupi e le stesse albe  
Del Sar e del Sarela, specchiandosi nelle  
[acque.  
Gli stessi verdi campi, le stesse torri grigie,

D'a catredal severa, olland'as lontananzas:  
Mais os qu'agora deixo, tal com'a fonte mansa  
Ou n'ó verdor d'a vida, sin tempestás nin  
[vagoas,  
¡Canto, cand'eu tornare vitimas d'a mudanza  
Terán de presa andado, n'a senda d'a desgracia!  
Y eu... mais eu nada temo n'ó mundo  
¡Qu' á morte me tarda!

\*\*\*

Grilos e ralos, rans albariñas,  
Sapos e bichos de todas crás,  
Mentras ô lonxe cantan os carros,  
¡Que serenatas tan amorosas,  
N'os nosos campos sempre nos dan!  
Tan sô acordarme d'elas,  
Non sey o que me fai,  
Nin sey s'é ben,  
Nin sey s'é mal.

\*\*\*

¡Cal as nubes n'ó espaço sin limites  
Errantes voltexan!  
Un-has son brancas,

Della cattedrale austera, guardando lontano:  
Ma quelli che ora lascio, come la sorgente  
[calma  
O nel verde della vita, senza tempeste né  
[lacrime,  
Quando ritornerò, vittime del cambiamento,  
Saranno ormai andate per la strada della  
[sventura!  
E io... ma io nulla temo in questo mondo  
Perché la morte mi attende!

\*\*\*

Grilli e cicale, rane smeraldine,  
Rane e bestie d'ogni tipo,  
Mentre lontano cantano i carri,  
Che serenate amorose,  
Ci danno sempre nei nostri campi!  
Solo a pensarci,  
Non so cosa mi accada,  
Non so se è bene,  
Non so se è male.

\*\*\*

Come le nuvole nello spazio sconfinato  
Erranti volteggiano!  
Certe sono bianche,



Outras son negras,

Un-has pombas sin fel, me parecen,  
Despiden outras  
Luz de centela...

Sopran ventos contrarios n'altura  
Y â desbandada,  
Van levándoas sin orden nin tino  
Nin eu sey pra onde,  
Nin sey por que causa:

Van levándoas, cal levan os anos  
Os nosos ensoños  
Y a nosa esperanza.

\*\*\*

Rico ou probe algun dia  
¡Con qué contento e pracidez folgaba!  
Y agora probe ou rico, ô desdichado,  
¡Todo, todo lle falta!

En valde veñen dias, pasan anos,  
E inda sigros pasáran,  
S'hay abondosas fontes que se secan,  
Tamen as hay que eternamente manan;  
Mais as fontes perenes n'esta vida  
Son sempre envenenadas.

Altre sono nere,

Alcune paiono colombe senza rancore,  
Altre sprigionano  
Luce di lampi...

Soffiano venti contrari in alto  
E sparpagliandosi,  
Le trasportano senza ordine né meta  
Non so verso dove,  
Non so per quale motivo:

Le trasportano, come gli anni portano via  
I nostri sogni  
E la nostra speranza.

\*\*\*

Ricco o povero un tempo  
Con che pace e serenità si rallegrava!  
E ora povero o ricco, il disgraziato,  
Tutto, tutto gli manca!

Invano vengono i giorni, passano gli anni,  
E anche secoli passerebbero,  
Se ci sono fonti abbondanti che si seccano,  
Ve ne sono altre che eternamente scorrono;  
Ma le fonti perenni in questa vita  
Sono sempre avvelenate.

N'elas o espírito qu'ofendido pena,  
N'a humidá enferma d'o rencor se baña  
Sin que dado lle sea  
Beber do olvido n'as saudosas auguas.

¡Odio! fillo d'o inferno,  
Pode acaba-lo amor, mais ti n'acabas  
Mamoria que recorda-las ofensas.  
Si, si ¡de ti mal haya!

In esse lo spirito che offeso patisce,  
Nell'umidità malata del rancore si bagna  
Senza che gli sia concesso  
Di bere dell'oblio nelle acque nostalgiche.

Odio! figlio dell'inferno,  
Può finire l'amore, ma tu non finisci  
Memoria che ricorda le offese.  
Sì, sì, di te male accada!

## N'A CATEDRAL

Com'algún dia po-los corrunchos  
D'o vasto tempo  
Vellos e vellas, mentras monean  
Silvan as salves y os padre nuestros,  
Y os arcebispos n'os seus sepulcros  
Reises e reinas con gran sosego  
N'a paz d'os mármores tranquilos dormen  
Mentras n'o coro cantan os cregos.  
O organo lanza tristes cramores  
Os d'as campanas responden lexos,  
Y a santa imaxen d'o Redentore  
Parés que suda sangue n'o Huerto.

¡Señor Santísimo, ôs teus pés canto  
Tamen d'angustia sudado teño!  
Mais s'o pecado castigas sempre,  
Ô qu'afrixido vay á pedircho  
Dáille remedio.

O sol poniente, po-las vidreiras  
D'a Soledade, lanza serenos  
Rayos, que firen descoloridos  
D'a Gloria os anxeles y-o Padre Eterno.  
Santos e apóstoles ¡védeos! parecen

## NELLA CATTEDRALE!

Come un giorno negli angoli  
Del vasto tempio,  
Vecchi e vecchie, mentre s'inclinano,  
Sussurrano le salve e i Padre Nostro,  
E gli arcivescovi nelle loro tombe,  
Re e regine con grande pace  
Nella quiete dei marmi riposano,  
Mentre nel coro cantano i preti.  
L'organo emette tristi lamenti,  
A cui lontano rispondono le campane,  
E la santa immagine del Redentore  
Pare che sudi sangue nell'Orto.

Santissimo Signore, ai tuoi piedi quanto  
Anch'io per l'angoscia ho sudato!  
Ma se punisci sempre il peccato,  
A chi afflitto viene a supplicarti,  
Concedi sollievo.

Il sole al tramonto, attraverso le vetrate  
Della Solitudine, lancia sereni  
Raggi che, pallidi, colpiscono  
Gli angeli della Gloria e l'Eterno Padre.  
Santi e apostoli, guardate! Sembrano

Qu'os labios moven, que falan quedo  
Os uns c'os outros, e aló n'altura  
D'o ceu a música vai dar començo,  
Pois os groriosos concertadores  
Tempran risoños os istrumentos.

¿Estarán vivos?, ¿serán de pedra  
Aqués sembrantes tan verdadeiros,  
Aquelas túnicas maravillosas,  
Aqueles ollos de vida cheos?  
Vos qu'os fixeches de Dios c'axuda  
D'inmortal nome, Mestre Mateo,  
Xa q'ahi quedaches homildemente  
Arrodillado, falaime d'eso;  
Mais c'o eses vosos cabelos rizos  
*Santo d'os croques, calás... y eu rezo.*

Aqui está á Groria, mais n'aquel lado  
N'aquela arcada, negrexo o inferno  
C'as almas tristes d'os condanados,  
Ond'as devoran todo-los demos.  
D'ali non podo, quitá-los ollos,  
Mitá asombrada, mitá con medo,  
Qu'aqueles todos se me figuran,  
Os d'un delirio, mortaes espeutros.

¡Como me miran eses calabres  
Y aqueles deños!  
¡Como me miran facendo moecas  
Dend'as colunas ond'os puxeron!

Che muovano le labbra, che parlino piano  
L'uno con l'altro, e lassù in alto  
Il concerto celeste sta per iniziare,  
Poiché i gloriosi orchestratori  
Accordano sorridenti gli strumenti.

Saranno vivi? Saranno di pietra  
Questi volti così veritieri,  
Queste tuniche meravigliose,  
Questi occhi pieni di vita?  
Tu che li hai creati con l'aiuto di Dio,  
Di nome immortale, Maestro Mateo,  
Poiché rimani umilmente inginocchiato,  
Parlami di questo;  
Ma tu, con quei tuoi ricci capelli,  
*Santo dei colpi*, taci... e io prego.

Qui è la Gloria, ma da quel lato,  
In quell'arcata, scurisce l'inferno,  
Con le anime tristi dei dannati,  
Dove i demoni le divorano tutte.  
Non riesco a distogliere gli occhi,  
Metà stupita, metà spaventata,  
Che tutti quelli mi sembrano  
Spettri mortali di un delirio.

Oh, come mi fissano quei cadaveri  
E quei demoni!  
Come mi fissano con smorfie  
Dalle colonne dove li hanno messi!



¡Será mentira, será verdade!  
Santos d'o ceo,  
Saberán eles que son á mesma  
D'aqueles tempos!...  
Pero xa orfa, pero enloitada,  
Pero insensibre cal eles mesmos...  
¡Como me firen!... Voume, sí, voume,  
¡Que teño medo!

Mais xa n'os vidros d'a grand'araña  
Cai o postreiro  
Rayo tranquilo qu'o sol d'a tarde  
Pousa sereno;  
E en cada prancha d'a araña hermosa  
Vivos refrexos,  
Cintileando com'as estrelas,  
Pintan mil cores no chan caendo,  
E fan qu'a tola d'a fantasia,  
Soñe milagres, finxa portentos.  
Mais de repente veñen as sombras,  
Todo é negrura, tod' é misterio,  
Adios alxofres, e maravillas...  
Tras d'o Pedroso, púxose Febo.

Coma pantasma cruzan as naves  
Silvando salves e padre nuestros,  
Vellos e vellas qu'a Dios lle piden,  
El tan só sabe, cales remedios;

Sarà falso, sarà vero!  
Santi del cielo,  
Sapranno loro che sono la stessa  
Di quei tempi!...  
Ma già orfana, ma già in lutto,  
Ma insensibile come loro stessi...  
Oh, come mi colpiscono! Me ne vado, sì,  
Che ho paura!

Ma già sui vetri del grande lampadario  
Cade l'ultimo  
Raggio quieto che il sole della sera  
Posa sereno;  
E su ogni vetro del bel lampadario  
Vivi riflessi,  
Brillando come stelle,  
Dipingono mille colori sul pavimento,  
E fanno sì che l'ispirata fantasia,  
Sogni miracoli, immagini prodigi.  
Ma all'improvviso giungono le ombre,  
Tutto è oscurità, tutto è mistero,  
Addio, splendori e meraviglie...  
Dietro il Pedroso è tramontato Febo.

Come fantasmi attraversano le navate  
Sussurrando salve e Padre Nostro,  
Vecchi e vecchie che chiedono a Dio,  
Lui solo sa, quali rimedi;

Que cand'ó mundo nos deixa, é soyo  
Cando buscamos con ansia ó ceo.

Ôs pés d'a Virxen d'a Soledade  
¡De moitos anos nos conocemos!..  
A oracion dixen qu'antes dicia,  
Fixen mamoria d'os meus sacretos,  
Para mi madre deixei cariños,  
Par' os meus fillos miles de beixos,  
Po-los verdugos d'o meu esprito  
Recey... e funme, pois tiña medo.

¡Corré serenas ondas cristaiñas,  
Pasad'en calma e maxestosas, como  
As sombras pasan d'os groriosos feitos!  
¡Rodade sin descanso como rodan  
A eternidá xeneraciós sin número  
Que cal eu vos contemplo, contempráranvos!  
Daime vosos perfumes lindas rosas,  
D'a sede que m'abrsa, craras fontes  
Apagad'o queimor... nubes de gasa  
Cubri cal velo de lixeiro encaixe  
D'o ardente sol os briladores rayos.  
E ti temprada e cariñosa brisa,  
D'â encomeço ôs concertos misteriosos  
Antr'os carballos d'a devesa escura  
Por ond'o Sar vay marmurando leve.

O tempo pasou rápido, á centela

Ché quando il mondo ci abbandona, è da soli  
Che cerchiamo con ansia il cielo.

Ai piedi della Vergine della Soledad  
Da tanti anni ci conosciamo!...  
Dissi la preghiera che dicevo prima,  
Feci memoria dei miei segreti,  
Lasciai amore per mia madre,  
Per i miei figli mille baci,  
Per i carnefici del mio spirito  
Pregai... e me ne andai, poiché avevo paura.

Scorrete serene onde cristalline,  
Passate in calma e maestose, come  
Le ombre passano dei gloriosi fatti!  
Scorrete senza sosta come scorrono  
Nell'eternità generazioni senza numero  
Che come io vi contemplanò vi contempleranno!  
Donatemi i vostri profumi, belle rose,  
Dalla sete che mi brucia, fonti chiare  
Spente il bruciore... nubi di garza,  
Coprite come un velo di leggero pizzo  
I raggi scintillanti del sole ardente.  
E tu, brezza fresca e gentile,  
Dà inizio ai misteriosi concerti  
Tra le querce del bosco scuro  
Dove il Sar mormora lieve.

Il tempo è passato rapido, la scintilla

Tal vez mais lentamente ó espaço inmenso  
Atravesa ó caer, qu'eles, os anos,  
Pra min correron en batallas rudas...  
¡Mais correron por fin... y ó dia chega!...  
Dame os teus bicos y os teus brazos ábreme  
Aquí onde ò rio, n'a espesura fresca...  
A ninguén digas ond'estou... con frores  
D'as qu'eu queria á delatora mancha  
Crube... e que nunca c'ô meu corpo acerten  
Profanas mans para levarme lexos...  
¡Quero quedar ond'os meus dôres foron!

\* \* \*

Cada noite eu chorando pensaba...

Qu'esta noite tan grande non fora  
Que durase... e durase antre tanto  
    Que'a noite d'as penas  
    M'envolve loitosa.

Mais á luz insolente d'o dia,  
    Costante e traidora,

    Cad'amañecida,  
Penetraba radiante de gloria  
Hastr'ô leito dond'eu me tendera  
    Co-as miñas congoxas.

Forse più lentamente lo spazio immenso  
Attraversa il cadere, ché loro, gli anni  
Per me corsero in dure battaglie...  
Ma passarono alla fine... e il giorno giunge!...  
Dammi i tuoi baci e aprimi le braccia  
Qui dove il fiume, nella fresca ombra...  
A nessuno dire dove sono... con fiori  
Di quelli che amavo la mano traditrice  
Cupra... e che mai con il mio corpo incappino  
Mani profane per portarmi lontano...  
Voglio restare dove furono i miei dolori!

\* \* \*

Ogni io piangendo pensavo...

Che questa notte così immensa non fosse  
Da durare... e durare finché  
La notte delle pene  
Non mi avvolgesse luttuosa.

Ma la luce insolente del giorno,  
Incostante e traditrice,

Ogni mattina,  
Penetrava raggianti di gloria  
Fino al letto dove mi ero distesa  
Con le mie angosce.

Desde estonces busquei as tiniebras  
    Mais negras e fondas,  
E busqueinas en vano, que sempre  
Tras d'a noite topaba c'a aurora...  
So en min mesma buscando n'oscuro  
    Y entrando n'a sombra,  
Vin á noite que nunca s'acaba  
    N'a miña alma soya.

Da allora cercai le tenebre  
Più nere e profonde,  
E le cercai invano, perché sempre  
Dopo la notte incontravo l'aurora...  
Solo dentro me stessa, cercando nel buio  
E scivolando nell'ombra,  
Trovai la notte che non finisce mai  
Nella mia anima solitaria.



## TI ONTE MAÑAN EU

Cain tan baixo, tan baixo,  
Qu'a luz onda min non vay;  
Perdin de vista as estrelas  
E vivo n'a escuridá.

Mais, agarda... ¡o que te riches  
Insensibre ô meu afan!  
Inda estou vivo... inda podó  
Subir para me vingar.

Tirá pedras ô caído,  
Tirallo anque sea un cento;  
Tirá... que cando cayades  
Han-vos de facé-l-o mesmo.

\* \* \*

Deixa que n'esa copa e'n donde bebes  
As dozuras d'a vida,  
Un-ha gota de fel, un-ha tan soyo,  
O meu dorido corazon esprima.  
Comprenderás estonces  
Como abrandá a delor as pedras frias,  
Anq'abrandar non poida  
Almas de ferro e peitos homicidas.

## TU IERI, IO DOMANI

Sono caduto in basso, così in basso,  
Che la luce accanto a me non va;  
Ho perso di vista le stelle  
E vivo nell'oscurità.

Ma aspetta... tu che ridi  
Insensibile alla mia angoscia!  
Sono ancora vivo... posso ancora  
Risalire per vendicarmi.

Scaglia pietre contro il caduto,  
Gettane anche cento;  
Lancia... perché quando cadrai  
Faranno lo stesso a te.

\* \* \*

Lascia che in quella coppa da cui bevi  
Le dolcezze della vita,  
Una sola goccia di fiele, una sola,  
Il mio cuore ferito esprima.  
Capirai allora  
Come il dolore intenerisce le pietre fredde,  
Sebbene non possa addolcire  
Anime di ferro e petti omicidi.

## BÓS AMORES

Cal olido de rosas que sai d'antr'ó ramaxen  
Nun-ha mañan de Mayo, hay amores soaves  
Que n'inda vir se sinten, nin se ve cand'entraren  
Po-la mimosa porta qu'ó corazon lles abre  
De seu, cal s'abre n'o agosto  
A frol ô orballo d'a tarde.

E sin romor nin queixa, nin choros, nin cantares,  
Brandos asi e saudosos, cal alentar d'os ánxeles,  
En nós encarnan puros, corren co'a nosa sangre  
Y os hermos reverdecen, d'o esprito onde  
[moraren.

Busca estes amores... búscalaos,  
Si tes quen ch'os poida dare;  
Qu'estes son soyo os que duran  
N'esta vida de pasaxen.

## BUONI AMORI

Come il profumo delle rose che esce dai rami  
In un mattino di maggio, ci sono amori delicati  
Che appena si sentono giungere, né si  
[vedono entrare

Dalla porta sensibile che il cuore gli apre  
Da sé, come si apre in agosto  
Il fiore alla rugiada della sera.

E senza rumore né lamenti, né pianti, né canti,  
Morbidi così e dolci, come il respiro degli  
[angeli,  
In noi si incarnano puri, scorrono col nostro  
[sangue  
E inverdiscono gli ermi dello spirito in cui  
[abitano.

Cerca questi amori... cercali,  
Se hai qualcuno che possa darteli;  
Perché sono gli unici che durano  
In questa vita di passaggio.

## AMORES CATIVOS

Era delor y era cólera,  
Era medo y aversion,  
Era un amor sin medida,  
Era un castigo de Dios!  
Qu'hay uns negros amores, d'índole  
[pezoñenta  
Que privan os espritos, que turban as concencias,  
Que morden s'acariñan, que cando miran  
[queiman,  
Que dan dores de rabia, que manchan e  
[qu'afrentan.  
Mais val morrer de friaxen  
Que quentarse á sua fogueira

\* \* \*

Abrid'as frescas rosas,  
Brilad'os carabeles  
D'o seu xardín, os árbores, vestivos  
C'as lindas follas verdes.  
Parras qu'un tempo sombra nos prestaches  
A cubrivos de pámpanos volvede.  
Natureza fermosa,  
A mesma eternamente,  
Dill'os mortais, de novo os loucos dille  
¡Qu'eles no mais perecen!

## AMORI MALVAGI

Era dolore ed era collera,  
Era paura e avversione,  
Era un amore senza misura,  
Era un castigo di Dio!  
Ci sono neri amori, di natura  
[velenosa  
Che tolgono la ragione, che turbano le coscienze,  
Che mordono accarezzando, che quando  
[guardano bruciano,  
Che dolgono di rabbia, che infangano e  
[umiliano.  
Molto meglio morire di freddo  
Che scaldarsi al loro fuoco.

\* \* \*

Apri le fresche rose,  
Risplendete garofani  
Del suo giardino, alberi, vestitevi  
Con le belle foglie verdi.  
Viti che un tempo ci donaste ombra,  
Tornate a rivestirvi di pampini.  
Natura bella,  
Eterna sempre uguale,  
Dillo ai mortali, di nuovo ai folli ti di  
Che solo loro periscono!

DE VALDE...

Cando me poñan ó hábito,  
S'é qu'ó levo;  
Cando me metan na caixa,  
S'é qu'á teño;  
Cand'ô responso me canten,  
S'hay con que pagarll'os cregos,  
E cando dentro d'a coba...  
¡Qu'inda me leve San Pedro  
Se sô ó pensalo non rio  
Con un-ha risa d'os deños!  
Qu'enterrar han d'enterrarme  
Anque non lles den diñeiro!...

## INVANO...

Quando mi vestiranno con l'abito,  
Se loavrò;  
Quando mi metteranno nella cassa,  
Se la possiedo;  
Quando mi canteranno il requiem,  
Se ci sarà chi paghi i preti,  
E quando dentro alla tomba...  
Che mi porti pure San Pietro  
Se solo a pensarlo non rido  
Con una risata da demoni!  
Perché seppellirmi, dovranno seppellirmi  
Anche se non hanno denaro!...



## ¿QUEN NON XIME?

Luz e progreso en todas partes... pero  
As dudas n'os corazós,  
E vagoas qu'un non sabe por que corren,  
E dores qu'un non sabe por que son.

*Outro cantar, din cansados*  
D'este estribilo os que chegando van,  
Nun-ha nova fornada, e qu'andan cegos  
Buscando o qu'inda non hay.

¡Reprobos!... sempre ô oculto preguntando  
Que mudo nada vos di.  
Buscade á fé, que se perdeu n'a duda  
E deixade de xemir.

Mais eles tamen perdidos  
Por un-ha y outra senda van e vên  
Sin que sepan ¡coitados! por ond'andan,  
Sin paz, sin rumbo e sin fé.

.....

Trist'é o cantar que cantamos  
¿Mais que facer s'outro mellor non hay?  
Moita luz deslumbra os ollos,  
Causa inquietude ó moito desear.

## CHI NON GEME?

Luce e progresso ovunque... però  
I dubbi nei cuori,  
E lacrime che non si sa perché scorrano,  
E dolori che non si sa perché siano.

*Un altro canto*, dicono stanchi  
Di questo ritornello quelli che avanzano,  
In una nuova leva, e vagano ciechi  
Cercando ciò che ancora non c'è.

Reprobi!... sempre chiedendo al mistero  
Che muto non vi risponde.  
Cercate la fede, che si perse nel dubbio  
E smettete di lamentarvi.

Ma anch'essi, smarriti,  
Per vie e sentieri vanno e tornano  
Senza sapere, poveretti, dove vanno,  
Senza pace, senza meta e senza fede.

.....

È triste il canto che cantiamo  
Ma che fare se non ce n'è di migliori?  
Troppa luce abbaglia gli occhi,  
Troppi desideri portano inquietudine.

Cand'un-ha peste arrebatada  
Homes tras homes, n'hai mais  
Qu'enterrar de presa os mortos,  
Baixá-la frente, e esperar  
Que pasen as correntes apestadas...  
¡Que pasen!... qu'outras vendrán.

\* \* \*

Ladraban contra min que camiñaba  
Casi-que sin alento,  
Sin poder c'o meu fondo pensamento  
Y a pezoña mortal qu'en min levaba.  
Y á xente que topaba  
Ollandome á mantenta  
D'o meu dor sin igual y á miña afrenta  
Traidora se mofaba.  
Y eso que nada mais qu'á adiviñaba.  
Si á souperan ¡Dios mio!  
Pensei tembrando, contra min volvera  
A corrente d'o rio.

Buscand'ó abrigo d'os mais altos muros,  
N'os camiños desertos,  
Ensangrentando ôs pés nos seixos duros,  
Fun chegando ô lugar d'os meus cariños  
Maxinando espantada: —os meus meniños,  
¿Estarán xa despertos?

Quando una peste travolge  
Anime su anime, non resta  
Che seppellire in fretta i morti,  
Chinare il capo, e attendere  
Che passino le correnti malate...  
Che passino... ch  altre verranno.

\* \* \*

Mi gridavano contro mentre camminavo  
Quasi senza fiato,  
Oppressa dal mio profondo pensiero  
E dal veleno mortale che portavo in me.  
E la gente che incontravo,  
Osservandomi di proposito  
Si prendeva gioco del mio dolore  
E della mia sofferenza traditrice.  
E questo perch  non facevano che intuirlo.  
Se lo avessero saputo davvero!  
Pensai tremando, il fiume  
Sarebbe venuto a travolgermi.

Cercando riparo sotto i muri pi  alti,  
Per le vie deserte,  
Ferendo i piedi sui sassi duri,  
Giunsi fino al luogo dei miei affetti  
Spaventata pensando: — i miei bambini,  
Saranno gi  svegli?

¡Ay, qu'ô verme chegar tan maltratada  
Chorosa, sin alento e ensangrentada,  
Darán en s'afrixir... mal pocadiños!  
Por sua nay mal fadada.

Pouco á pouco fun indo  
Y as escaleiras con temor subindo,  
C'o triste corazon sobresaltado:  
¡Escoitei!... Nin as moscas rebullian  
No berce ind'os meus anxeles dormian  
C'a virxen ô seu lado.

\* \* \*

¿Porqué, miña almaña,  
Porqu'ora non queres  
O que antes querias?

¿Porqué, pensamento,  
Porqu'ora non vives  
D'amantes deseyos?

¿Porqué, meu esprito,  
Porqu'ora te humildas,  
Cand'eras altivo?

¿Porqué, corazon,  
Por qu'ora non falas

Ah, che vedendomi arrivare così malridotta,  
in lacrime, senza fiato e sanguinante,  
si affliggeranno... poverini!  
Per la loro madre sventurata.

A poco a poco avanzavo  
E le scale con timore salivo,  
Col cuore in subbuglio:  
Ascoltai!... nemmeno le mosche si muovevano  
Nella culla dove i miei angeli dormivano  
Con la Vergine al loro fianco.

\* \* \*

Perché, anima mia,  
Perché ora non vuoi  
Quello che prima desideravi?

Perché, pensiero,  
Perché ora non vivi  
Desideri d'amore?

Perché, mio spirito,  
Perché ora ti umili,  
Se prima eri fiero?

Perché, cuore,  
Perché ora non dici

Falares d'amor?

¿Porqué xa non bates  
Co doce batido  
Que calma os pesares?

¿Porqué, en fin, Dios meu,  
A un tempo me faltan  
A terra y o ceu?

¡Ou ti! roxa estrela  
Que din que comigo  
Naciche, poideras

Por sempre apagarte,  
Xa que non pudeche  
Por sempre alumarme...!

Parole d'amore?

Perché ormai non batti  
Col dolce battito  
Che placa i dolori?

Perché, infine, Dio mio,  
In un solo momento mi mancano  
La terra e il cielo?

Oh tu, rossa stella  
Che dicono che con me  
Sia nata, potresti

Per sempre spegnerti,  
Giacché non riuscisti  
A illuminarmi per sempre!



## O TOQUE D'ALBA

D'a Catredal campana  
Grave, triste e sonora,  
Cand'ô rayar d'o dia  
O toque d'alba tocas,  
N'o espazo silencioso  
Soando malencónica;  
As tuas bataladas  
Non sei que despertares me recordan.

Foron alguns tan puros  
Coma o fulgor d'aurora,  
Outros cal a esperanza  
Qu'o namorado soña,  
Y a derradeira inquietos,  
Mitá luz, mitá sombras,  
Mitá un pracer sin nome,  
E mitá un-ha sorpresa aterradora.

¡Ay! qu'os anos correron  
E pasaron auroras,  
E menguaron as dichas,  
E medránno as congoxas.  
E cand'ora, campana,  
O toque d'alba tocas,  
Sinto que se desprenden  
D'os meus ollos bagullas silenciosas.

## IL TOCCO DELL'ALBA

Campana della Cattedrale  
Grande, triste e sonora,  
Al sorgere del giorno  
Risuoni il tocco dell'alba,  
Nello spazio silenzioso  
Suoni malinconica;  
Con i tuoi rintocchi  
Non so quali risvegli mi ricordi.

Alcuni furono puri  
Come il bagliore dell'aurora,  
Altri come la speranza  
Che un innamorato sogna,  
E l'ultimo inquieto,  
Metà luce, metà ombra,  
Metà di una gioia senza nome,  
E metà di una sorpresa terribile.

Gli anni sono passati  
E con essi le aurore,  
E la felicità è svanita  
E aumentate le angosce.  
E ora, campana,  
al tocco dell'alba,  
Sento che si sciolgono  
Lacrime silenziose dai miei occhi.

¡Que xorda e tristemente,  
Que pavorosa sóas  
No meu esperto oido,  
Mensaxeira d'a aurora,  
Cand'ô romper d'o dia  
Pausadamente tocas!...  
¿En donde van aqueles  
Despertares de dichas e de gloria?

¡Pasaron para sempre!  
Mais tí, grave e sonora,  
¡Ay! ô romper d'o dia  
C'a tua voz malencónica  
Vés de cote á lembrarnos  
Cada nacente aurora;  
E parece qu'a morto  
Por eles e por min a un tempo dobras.

D'a catredal campana  
Tan grave e tan sonora.  
¿Por qué á tocar volveches  
A yalba candorosa  
des qu'eu ouben d'oirte  
En bagullas envolta?  
Mais ben pronto... ben pronto, os meus oidos  
Nin t'oirán n'a tarde nin n'a aurora.

Come sordamente, tristemente,  
Così pavorosa suoni  
Nel mio orecchio vigile,  
Messaggera dell'aurora,  
Quando al sorgere del giorno  
Suoni lenta!...  
Dove sono quei risvegli  
Di gioie e di gloria?

Per sempre svaniti!  
Tu però, grave e sonora,  
Oh! al sorgere del giorno  
Con la tua voce malinconica  
Vieni sempre a ricordarci  
Ogni nuova aurora;  
E sembra che a morto  
Per loro e per me al tempo stesso tu suoni.

Campana della Cattedrale,  
Grave e così sonora.  
Perché sei tornata a suonare  
La dolce alba  
Dopo aver smesso di ascoltarti  
In lacrime avvolta?  
Ma ben presto... ben presto, le mie orecchie  
Né al tramonto né all'aurora ti udranno più.

\* \* \*

¡Mar! c'as tuas auguas sin fondo,  
¡Ceo! c'a túa imensidá,  
O fantasma que m'aterra  
Axudádeme á enterrar.

É mais grande que vos todos  
E que todos pode mais....  
C'un pé posto onde brilan os astros,  
E outro ond'a coba me fán.

Impracabre, bulron e sañudo,  
Diante de min sempre vay,  
Y amenaza perseguirme  
Hastr'a mesma eternidá.

Caba lixeiro, caba,  
Xigante pensamento,  
Caba un fondo burato ond'á memoria  
D'o pasado enterremos.  
¡À terra c'os difuntos!  
Caba, caba lixeiro!  
E por lousa daráslle o negro olvido,  
Y-a nada lle darás por simiterio.

\* \* \*

Mare! con le tue acque senza fondo,  
Cielo! con la tua immensità,  
Aiutatemi ad inumare  
Il fantasma che mi perseguita.

È più grande di voi tutti  
E più forte di tutto...  
Ha un piede dove brillano gli astri,  
E l'altro dove mi scavano la tomba.

Implacabile, sardonico e minaccioso,  
Cammina sempre davanti a me,  
E minaccia di inseguirmi  
Fino alla stessa eternità.

Scava in fretta, scava,  
Immenso pensiero,  
Scava una fossa profonda dove la memoria  
Del passato seppelliremo.  
Sotto terra con i morti!  
Scava, scava in fretta!  
E come lapide gli daremo il nero oblio,  
E il nulla sarà il suo cimitero.

\* \* \*

Cando penso que te fuches,  
Negra sombra que m'asombras,  
Ô pe d'os meus cabezales  
Tornas facéndome mofa.

Cando maxino qu'ês ida  
N'o mesmo sol te m'amostras,  
Y eres a estrela que brila,  
Y eres o vento que zóa.

Si cantan, ês tí que cantas,  
Si choran, ês tí que choras,  
Y-ês o marmurio d'o rio  
Y-ês a noite y ês a aurora.

En todo estás e ti ês todo,  
Pra min y en min mesma moras,  
Nin m'abandonarás nunca,  
Sombra que sempre m'asombras.

\* \* \*

Quando credo che sei andata,  
Ombra nera che mi adombri,  
Vicino al mio capezzale  
Torni a prendermi in giro.

Se immagino che sei partita  
Nello stesso sole ti mostri,  
E sei la stella che brilla,  
E sei il vento che soffia.

Se cantano, sei tu che canti,  
Se piangono, sei tu che piangi,  
E sei il mormorio del fiume  
E sei la notte e sei l'aurora.

In tutto sei e tu sei tutto,  
Per me e in me stessa dimori,  
E non mi abbandonerai mai,  
Ombra che sempre mi adombri.



## A VENTURA É TRAIIDORA

Tembra á qu'unha inmensa dicha  
Neste mundo te sorprenda;  
Glorias, aquí, sobrehumanas  
Trân desventuras supremas.  
Nin maxines que pasan os dôres  
Como pasan os gustos n'a terra;  
¡Hay infernos n'a memoria,  
Cando n'os hay n'a concencia!

Cal arraigan as edras n'os muros,  
N'alguns peitos arraigan as penas,  
É un-has van minando a vida  
Cal minan outra-l-as pedras.  
Si; tembra, cando n'ò mundo  
Sintas un-ha dicha imensa;  
Val mais qu'a tua vida corra  
Cal corre á yaugua serena.

\* \* \*

Lévame á aquela fonte cristaiña  
Onde xuntos bebemos  
As purísimas auguas qu'apagaban  
Sede d'amor e llama de deseyos.

## LA FORTUNA È TRADITRICE

Temì, quando una grande gioia  
In questo mondo ti sorprende;  
Glorie, qui, sovrumane  
Portano sofferenze estreme.  
Non pensare che i dolori passino  
Come passano i piaceri sulla terra;  
Ci sono inferni nella memoria,  
Quando ve ne sono nella coscienza.

Come l'edera si radica nei muri,  
In alcuni cuori attecchiscono le pene,  
E alcune scavano la vita  
Come altre scavano le pietre.  
Sì; temì, quando nel mondo  
Sentirai una gioia immensa;  
Vale di più che la tua vita scorra  
Come scorre l'acqua serena.

\* \* \*

Portami a quella fonte cristallina  
Dove insieme bevemmo  
L'acqua purissima che spegneva  
Sete d'amore e fiamma di desideri.

Lévame po-la man cal n'outros dias...  
Mais non, que teño medo  
De ver n'o cristal liquido  
A sombra d'aquel negro  
Desengano sin cura nin consolo,  
Qu'antr'os dous puxo o tempo.

Portami per mano come un tempo...  
Ma no, perché ho paura  
Di vedere nel cristallo liquido  
L'ombra di quell'amara  
Delusione, senza rimedio né conforto,  
Che il tempo ha posto tra di noi.

## Ô PAZO D'A...

Era ô caer d'a tarde,  
Encomenzaba ò cántico d'os grilos,  
Xorda a presa ruxia,  
Brilaban lonxe os lumes fuxitivos.  
Ô pe d'o monte, maxestuoso erguíase  
N'aldea escura o caserón querido,  
C'a oliva centenaria  
De cortinax ô ventanil servindo.  
Deserta a escalinata,  
Soyo o paterno niño,  
E enriba d'él caendo misteriosas  
C'o as sombras d'o crepúsculo, as d'o olvido.

¿Quen ô pasado volve  
Os ollos compasivos?  
¿Quen se lembra d'os mortos,  
S'inda non poden recordarse os vivos?

\* \* \*

N'ò ceo, azul crarísimo;  
N'ò chan, verdor intenso;  
N'ò fondo d'a alma miña,  
Todo sombriso e negro.  
¡Qu'alegre romaría!

## AL PALAZZO DI...

Era al calar della sera,  
Cominciava il canto dei grilli,  
Sordo ruggiva il torrente,  
Brillavano lontano luci erranti.

Ai piedi del monte, maestoso si ergeva  
Nel buio villaggio il casolare amato,  
Con l'ulivo centenario  
A fare da cortina alla finestra.  
Deserta la scalinata,  
Solitaria la dimora paterna,  
E sopra di essa calavano misteriose  
Le ombre del crepuscolo e dell'oblio.

Chi rivolge al passato  
Sguardi compassionevoli?  
Chi si ricorda dei morti,  
Se non si riesce a ricordare i vivi?

\* \* \*

Nel cielo, un azzurro chiarissimo;  
A terra, verde intenso;  
Nel profondo della mia anima,  
Tutto è buio e nero.  
Che allegra processione!

¡Que risas e contentos!...  
Y os meus ollos en tanto  
De bágoas estan cheos.  
    Cubertos de verdura,  
Brilan os campos frescos,  
Mentras qu'a fél amarga  
Rebosa n'o meu peito.

Che risate e gioie!...  
E mentre ciò accade, i miei occhi  
Sono colmi di lacrime.

Ricoperti di verde,  
Splendono i campi freschi,  
Mentre l'amaro fiele  
Mi riempie il petto.



## A XUSTICIA PÓ-L-A MAN

Aquês que tèn fama d'honrados n'a vila  
Roubaronme tanta brancura qu'eu tiña,  
Botáronme estrume n'as galas d'un dia,  
A roupa de cote puñeronma en tiras.

Nin pedra deixaron, en dond'eu vivira;  
Sin lar, sin abrigo, morey n'as curtiñas,  
Ô raso c'as lebres dormin n'as campías;  
Meus fillos... ¡meus anxos!... que tant'eu quera,  
¡Morreron, morreron, c'a fame que tiñan!

Quedey deshonorada, mucharonm'a vida,  
Fixeronm'un leito de toxos e silvas,  
Y-en tanto os raposos de sangue maldita,  
Tranquilos n'un leito de rosas dormian.

— *Salvademe, ¡ou, xueces!* berrey... ¡toleria!  
De min se mofaron, vendeum'a xusticia.

— *Bon Dios, axudaimé,* berrey, berrey inda...

Tan alto qu'estaba, bon Dios non m'oira,

Estonces cal loba doente ou ferida,  
D'un salto con rabia pilley a fouciña,  
Rondei paseniño... ¡Ne-as erbas sentian!  
Y-a lua escondiese, y á fera dormia  
Cos seus compañeiros en cama mullida.

## GIUSTIZIA PRIVATA

Quelli che sono considerati onesti nel paese  
Mi hanno rubato tutta la purezza che avevo,  
Hanno gettato fango sul mio abito di un  
[giorno,  
E il mio abito quotidiano lo hanno ridotto a  
[brandelli.

Non hanno lasciato pietra dove vivevo;  
Senza focolare, senza riparo, sono morta nei  
[campi,  
Al freddo, come le lepri, dormo nelle campagne;  
I miei figli... i miei angeli!... che tanto amavo,  
Sono morti, morti di fame!

Disonorata, mi hanno distrutto la vita,  
Mi hanno fatto un letto di rovi e spine,  
E mentre ciò accadeva, i dannati sciacalli,  
Tranquilli, dormivano su un letto di rose.

— *Salvatemi, o giudici!* gridai... follia!  
Si presero gioco di me, la giustizia fu venduta.  
— *Buon Dio, aiutami,* gridai, gridai ancora...  
Così in alto stava Dio, che non mi sentì.

Allora, come una lupa ferita o malata,  
D'un balzo, con rabbia, presi la falce,  
Silenziosa mi avvicinai... Neanche l'erba sentiva  
E la luna si nascose, e il mostro dormiva  
Con i suoi compari, in un letto soffice.

Mireinos con calma, y as mans estendidas  
D'un golpe, ¡d'un soyo! deixeiños sin vida.  
Y-ô lado contenta, senteime d'as vítimas,  
Tranquila, esperando po-l'a alba d'o dia.  
Y-estonces... estonces, cumpreuse a xusticia,  
Eu, n'eles; y as leises, n'a man qu'os ferira.

\* \* \*

Dios puxo un velo enriva  
D'os nosos corazons,  
Velo qu'oculta abismos  
Qu'el pode ollar tan sô.  
Cand'eu penso o que viran  
N'o qu'adorand'estou  
Homilde e de rodillas  
Cal s'adora al Señor,  
S'este velo caise  
De repente antr'os dous,  
Tembro... e incrinand'a frente  
Digo, ¡que sabio é Dios!

\* \* \*

¡Tas-tis! ¡tas-tis! n'a silenciosa noite  
Con siniestro compás repite á péndola,  
Mentras a frecha aguda,  
Marcand'un y outro instante antr'as tiniebras,  
D'o relox sempre imovil

Li guardai con calma, e con le mani levate  
Con un solo colpo li lasciai senza vita.  
E mi sedetti contenta accanto alle vittime  
Tranquilla, aspettando l'alba del giorno.  
E allora... allora si compì la giustizia,  
In loro, per mia mano, si compirono le leggi.

\* \* \*

Dio ha posto un velo sopra  
I nostri cuori,  
Un velo che nasconde abissi  
Che solo Lui può vedere.  
Quando penso a ciò che ha visto  
In ciò che adoro con devozione  
Umile e in ginocchio,  
Come si adora il Signore,  
Se questo velo cadesse  
Improvvisamente tra noi due,  
Temerei... e chinando il capo  
Direi, quanto è saggio Dio!"

\* \* \*

Tic-tac! tic-tac! nella notte silenziosa  
Con sinistro ritmo ripete il pendolo,  
Mentre la freccia affilata,  
Marcando ogni istante tra le tenebre,  
Dell'orologio sempre immobile

Recorre lentamente a limpa esfera.  
    Todo é negrura en baixo,  
    E só n'altura inmensa,

Só n'anchura sin limites d'o ceo  
Con inquietú relumbra algunha estrela,  
Cal n'a cinza d'as grandes estivadas  
Brilan as charamuscas derradeiras.

    Y-a péndola no-mais xorda batendo  
Cal bate un corazón qu'hinchan as penas,  
    Resóa pavorosa  
    N'a escuridade espesa.

En vano á vista con temor n'o escuro  
    Sin parada vaguea.

Uns tras d'outros instantes silenciosos  
Pasando van, é silenciosos chegan  
Outros detras, n'a eternidá caendo  
Cal cai o grao n'a moedora pedra,  
Sin qu'o porvir velado ôs mortais ollos  
    Rompa as pesadas brétemas.

    ¡Que triste é a noite, y-o reloxo qué triste,  
S'inquieto o corpo y-a conciencia velan!

Percorre lentamente il quadrante limpido.  
Tutto è oscurità in basso,  
E solo nell'immensa altezza,

Solo nello spazio illimitato del cielo  
Qualche stella inquieta risplende,  
Come tra le ceneri dei grandi focolari  
Brillano le ultime scintille.

E il pendolo, solo battendo sordo,  
Come batte un cuore gonfio di pena,  
Risuona spaventoso  
Nell'oscurità densa.

Invano lo sguardo teme e vaga nel buio  
Senza trovare riposo.

Uno dopo l'altro, istanti silenziosi  
Passano, e altri silenziosi arrivano,  
Cadendo nell'eternità

Come granelli di sabbia nella macina,  
Senza che l'avvenire velato agli occhi dei

[mortalità]

Rompa le pesanti nebbie.  
Com'è triste la notte, e triste l'orologio,  
Se il corpo inquieto e la coscienza vegliano!

## AMIGOS VELLÓS

Cand'antr'as naves tristes e frias  
D'alto mural,  
Cal elas fria, cal elas triste,  
Ô ser d'a tarde vou á rezar,  
Que pensamentos loucos e estraños  
A miña mente, veñen e van.

Xordo silencio qu'euxa conoço  
Qu'é meu amigo d'anos atrás  
Pero qu'é cheo d'outras lembranzas,  
Per'ond'ò esprito parez que escoita  
Eco mortal,  
Reina n'os ámbitos d'a gran basílica,  
Con misteriosa serenidad.

Incertas sombras rayos tembrosos,  
Cabo d'o altar,  
Pousan, vaguean, foxen y agrándanse  
D'adiante atrás.  
Y ó Santo Apóstol, sempre sentado  
No seu sitial  
De prata e ouro, contempra inmóvil  
Con ollos fixos, canto ali está.

## VECCHI AMICI

Quando tra le navi tristi e fredde  
Dalla alta muraglia,  
Come sono fredde, come sono tristi,  
Io vado a pregare al calar della sera,  
Che pensieri folli e strani  
Vengono e vanno nella mia mente.

Un silenzio sordo che riconosco  
È il mio amico di tanti anni fa,  
Ma è pieno di altri ricordi,  
E il mio spirito sembra ascoltare  
Eco mortale,  
Regna nei vasti ambiti della grande basilica,  
Con una misteriosa serenità.

Indefinite ombre, raggi tremolanti,  
Accanto all'altare,  
Si posano, vagano, fuggono e si ingrandiscono  
Da davanti a dietro.  
E l'apostolo santo, sempre seduto  
Nel suo seggio  
Di argento e oro, contempla immobile  
Con gli occhi fissi, mentre sta lì.



Quen fora pedra, quen fora santo  
D'os qu'ali hai,  
